



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 146 · Sábado, 27 xuño 2020

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Servizo Provincial da AXI. Ourense

Resolución do Servizo Provincial de Ourense, pola que se sinala a data para a redacción das actas previas á ocupación e para a formalización das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-537, no concello do Pereiro de Aguiar..... 2

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Xefatura Territorial de Ourense

Exposición pública do expediente de solicitude de ampliación do Tecor Castrelo do Val OU-10.093..... 4

IV. ENTIDADES LOCAIS

Barbadás

Bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo para a provisión en interinidade dunha praza de arquitecto técnico.... 5

Acordo regulador do prezo público dos campamentos urbanos de verán do Concello de Barbadás..... 21

Aprobación do acordo regulador do prezo público para o campamento de verán para conciliación ano 2020 nas parroquias do concello..... 21

Beariz

Convocatoria para a contratación laboral temporal dun xefe de brigada, un peón condutor, tres peóns de brigada e un condutor de tractor para as brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais..... 23

Convocatoria para a contratación laboral temporal de sete peóns de servizos múltiples e tres monitores para actividades ao aire libre..... 23

Castrelo do Val

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 3 de 2020..... 23

Mezquita (A)

Exposición pública do expediente de modificación de créditos n.º 2/2020..... 23

Muíños

Aprobación definitiva do orzamento municipal do exercicio 2020..... 24

Ourense

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria 1P/2020..... 26

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria 2P/2020..... 26

San Cristovo de Cea

Exposición pública da aprobación inicial da Ordenanza reguladora de ocupación da vía pública con mesas, cadeiras e outros elementos móbiles..... 27

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Xulgado do Social n.º 2 de Ourense

Notificación de resolución a Galimartrans, SL, no procedemento execución de títulos xudiciais 18/2020..... 27

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Infraestruturas y Mobilidad

Servicio Provincial de la AXI. Ourense

Resolución del Servicio Provincial de Ourense, por la que se señala la fecha para el levantamiento de las actas previas a la ocupación y para la formalización de las actas de ocupación de los bienes y derechos afectados por el Proyecto de construcción del itinerario peatonal y ciclista en la OU-537, en el ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar..... 3

Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda

Jefatura Territorial de Ourense

Exposición pública del expediente de solicitud de ampliación del Tecor Castrelo do Val OU-10.093..... 5

IV. ENTIDADES LOCALES

Barbadás

Bases reguladoras de la convocatoria del proceso selectivo para la provisión en interinidad de una plaza de arquitecto técnico.. 13

Acuerdo regulador del precio público de los campamentos urbanos de verano del Ayuntamiento de Barbadás..... 21

Aprobación del acuerdo regulador del precio público para el campamento de verano para conciliación año 2020 en las parroquias del ayuntamiento..... 22

Beariz

Convocatoria para la contratación laboral temporal de un jefe de brigada, un peón conductor, tres peones de brigada y un conductor de tractor para una brigada de prevención y defensa contra incendios forestales..... 23

Convocatoria para la contratación laboral temporal de siete peones de servicios múltiples y tres monitores para actividades al aire libre..... 23

Castrelo do Val

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos n.º 3 de 2020..... 23

Mezquita (A)

Exposición pública del expediente de modificación de créditos n.º 2/2020..... 24

Muíños

Aprobación definitiva del presupuesto municipal del ejercicio 2020..... 25

Ourense

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación presupuestaria 1P/2020..... 26

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación presupuestaria 2P/2020..... 27

San Cristovo de Cea

Exposición pública de la aprobación inicial de la Ordenanza Reguladora de la Ocupación de la Vía Pública con Mesas, Sillas y otros Elementos Móbiles..... 27

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense

Notificación de resolución a Galimartrans, SL, en el procedimiento ejecución de títulos judiciales 18/2020..... 28



III. COMUNIDADE AUTÓNOMA III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade Servizo Provincial da AXI Ourense

Resolución do 5 de xuño de 2020, do Servizo Provincial de Ourense, pola que se sinala a data para a redacción das actas previas á ocupación e para a formalización das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo Proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-537, treito parques empresariais (puntos quilométricos 0+000-2+030), e na OU-536, treito A Derrasa (puntos quilométricos 7+180-7+940), de clave OU/16/269.06, no concello do Pereiro de Aguiar.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu apartado 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

Con data de 11 de xullo de 2019, a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo Proxecto de construción da reformulación do Proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-537, treito parques empresariais (puntos quilométricos 0+000-2+030), e na OU-536, treito A Derrasa (puntos quilométricos 7+180-7+940), de clave OU/16/269.06, no concello do Pereiro de Aguiar, por Decreto 91/2019, publicado no Diario Oficial de Galicia, con data de 24 de xullo de 2019.

Con data de 14 de marzo de 2020, publicouse o Real decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que posteriormente foi modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo.

A disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, estableceu a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, incluíndo os de contratación de obra pública e os procedementos expropiatorios. Con tal motivo, o director da Axencia Galega de Infraestruturas ditou as instrucións do 17 de marzo de 2020 acerca do desenvolvemento da actividade da Axencia Galega de Infraestruturas ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, que determinou a anulación dos actos de redacción de actas que estivesen convocados e a non convocatoria de novos actos.

Aínda así, a propia disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, dispón no seu apartado cuarto que “sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor deste real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou sexan indispensables para a protección do interese xeral, ou para o funcionamento básico dos servizos”.

O Consello da Xunta aprobou o 3 de abril de 2020 (DOG núm. 69 bis do día 8 de abril de 2020), un acordo sobre iniciación, continuación e aprobación de expedientes de contratación; e outro de continuación de procedementos de adjudicación de contratos e de concesión de subvencións que estivesen en tramitación no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Dada a estreita vinculación entre os expedientes de contratación e os expropiatorios, a necesidade de contar coa dispoñibilidade efectiva dos terreos para poder formalizar a acta de comprobación da traza que determine o inicio da execución material

dos traballos, e a que probablemente o período estival sexa o máis favorable en canto á crise sanitaria derivada da pandemia producida pola COVID-19, ditáronse as resolucións da Axencia Galega de Infraestruturas polas que se acorda, en cada provincia, o inicio e a continuación de determinados procedementos administrativos de expropiación de terreos e bens afectados pola execución de obras competencia da axencia ou que lle teñan sido encomendadas, ao abeiro do disposto na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, entre as que se encontra o Proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-537, treito parques empresariais (puntos quilométricos 0+000-2+030), e na OU-536, treito A Derrasa (puntos quilométricos 7+180-7+940), de clave OU/16/269.06.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servizo, en virtude da competencia delegada mediante a Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG n.º 179 do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello do Pereiro de Aguiar, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a continuación, co fin de proceder á redacción das actas previas á ocupación nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal do Pereiro de Aguiar

Lugar: Centro de día Os Gozós

Data: 2 e 3 de xullo de 2020, das 09:30 ás 14:00 horas

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no concello do Pereiro de Aguiar e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Ourense (rúa Sáenz Díez, 1, 32003 Ourense), e publicarase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso_0181.html

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados á redacción das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, no seu caso outra documentación que se requira, xustificante do pago do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de proceder aos sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar ao seu cargo, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa, do 26 de abril de 1957, este servizo, unha vez redactadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, procederá ao pago, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos conforme ao disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa, do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao

acto de formalización das actas de ocupación, o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e data que se indican:

Termo municipal do Pereiro de Aguiar

Lugar: Centro de día Os Gozos

Data: 30 de xullo de 2020, das 09:30 ás 14:00 horas

No mesmo acto ofertaranse aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

Este acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberá identificarse co DNI.

Co fin de que os actos de redacción de actas derivadas dos procedementos expropiatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o protocolo de actuación que deberá respectarse por todos os asistentes aos actos. Para tales efectos, cómpre pór en coñecemento dos interesados as seguintes indicacións:

- Os interesados poderán confirmar a data e hora fixada para a realización do acto, ou, no caso de concorrer motivos de inconveniencia por razóns de saúde e/ou de adopción de medidas que afecten favorablemente á prevención de contaxios, poderán propoñer outro horario diferente para este, con cita previa confirmada polo persoal de contacto.

- No momento da atención, tanto o persoal da Administración e da Asistencia Técnica como o expropiado usarán máscara de protección, ou os sistemas de protección individual que nese momento sexan obrigatorios, respectando en todo momento a distancia de seguridade fixada. Para tales efectos, establécese a obriga de asistir ao acto provisto dos sistemas de protección individual (EPI) que en cada momento se determine pola autoridade competente. Porén, disporase de EPI por parte da Administración no caso de que os expropiados non dispoñan deles.

- En caso de detectarse posibles síntomas compatibles coa COVID-19 nalgunha persoa presente, seguiranse obrigatoriamente as indicacións realizadas polas autoridades sanitarias para o efecto.

- Deberán asistir unicamente as persoas estritamente necesarias para a realización do trámite.

- Establécese a obriga de permanecer no local de reunión o tempo estritamente necesario.

- Non se poderá acudir no caso de presentar febre (>37º) ou síntomas de problemas respiratorios.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O xefe do Servizo Provincial da AXI en Ourense.

Asdo.: Marcos Buide Pollán.

Consellería de Infraestruturas y Mobilidad **Servicio Provincial de la AXI** **Ourense**

Resolución del 5 de junio de 2020, del Servicio Provincial de Ourense, por la que se señala la fecha para el levantamiento de las actas previas a la ocupación y para la formalización de las actas de ocupación de los bienes y derechos afectados por el Proyecto de construcción del itinerario peatonal y ciclista en la OU-537, tramo parques empresariales (puntos kilométricos

0+000-2+030), y en la OU-536, tramo A Derrasa (puntos kilométricos 7+180-7+940), de clave OU/16/269.06, en el ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar.

El artículo 28 del vigente Estatuto de autonomía de Galicia establece en su apartado 2º la competencia de la Comunidad Autónoma gallega en el desarrollo legislativo y la ejecución de la legislación del Estado en materia de expropiación forzosa.

Con fecha de 11 de julio de 2019 la Xunta de Galicia procedió a la declaración de utilidad pública y urgente ocupación de los bienes y derechos afectados por el Proyecto de construcción del itinerario peatonal y ciclista en la OU-537, tramo parques empresariales (puntos kilométricos 0+000-2+030), y en la OU-536, tramo A Derrasa (puntos kilométricos 7+180-7+940), de clave OU/16/269.06, en el ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar, por Decreto 91/2019, publicado en el Diario Oficial de Galicia, de fecha de 24 de julio de 2019.

Con fecha de 14 de marzo de 2020, se publicó el Real Decreto 463/2020, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19, que posteriormente fue modificado por el Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo.

La disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, estableció la suspensión de los términos y la interrupción de los términos y plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público, incluyendo los de contratación de obra pública y los procedimientos expropiatorios. Con tal motivo, el director de la Agencia Gallega de Infraestructuras dictó las instrucciones del 17 de marzo de 2020, acerca del desarrollo de la actividad de la Agencia Gallega de Infraestructuras ante la situación provocada por el coronavirus COVID-19, que determinó la anulación de los actos de levantamiento de actas que estuviesen convocados y la no convocatoria de los nuevos actos.

Aun así, la propia disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, del 14 de marzo, dispone en su apartado cuarto que “sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengán referidos a situaciones estrechamente vinculadas a hechos justificativos del estado de alarma, o sean indispensables para la protección del interés general, o para el funcionamiento básico de los servicios”.

El Consejo de la Xunta aprobó el 3 de abril de 2020 (DOG núm. 69 bis del día 8 de abril de 2020), un acuerdo sobre iniciación, continuación y aprobación de expedientes de contratación; y otro de continuación de procedimientos de adjudicación de contratos y de concesión de subvenciones que estuviesen en tramitación en el momento de la entrada en vigor del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Dada la estrecha vinculación entre los expedientes de contratación y los expropiatorios a la necesidad de contar con la disponibilidad efectiva de los terrenos para poder formalizar el acta de comprobación del replanteo que determine el inicio de la ejecución material de los trabajos, y a que probablemente el período estival sea el más favorable en cuanto a la crisis sanitaria derivada de la pandemia producida por la COVID-19, se dictaron las resoluciones de la Agencia Gallega de Infraestructuras por las que se acuerda, en cada provincia, el inicio y la continuación de determinados procedimientos administrativos de expropiación de terrenos y bienes afectados por la ejecución de las obras competencia de la agencia o que le hayan sido encomendadas, al amparo de lo dispuesto en la disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de



marzo, entre las que se encuentra el Proyecto de construcción del itinerario peatonal y ciclista en la OU-537, tramo parques empresariales (puntos kilométricos 0+000-2+030), y en la OU-536, tramo A Derrasa (puntos kilométricos 7+180-7+940), de clave OU/16/269.06.

La tramitación del expediente expropiatorio debe ajustarse a lo dispuesto en los artículos 52 de la vigente Ley de Expropiación Forzosa del 16 de diciembre de 1954, y 56 y siguientes de su reglamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servicio, en virtud de la competencia delegada mediante Orden de 7 de septiembre de 2017 sobre delegación de competencias en el secretario general técnico y en otros órganos y entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada en el DOG n.º 179 de 20 de septiembre de 2017, resolvió convocar a los titulares de bienes y derechos afectados que figuran en la relación expuesta en el tablón de anuncios del ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar, para que comparezcan en el lugar, fecha y horas que se detallan a continuación, con el fin de proceder al levantamiento de las actas previas a la ocupación en las que se recogerán los datos necesarios para determinar los derechos afectados, el valor de estos y los perjuicios determinantes de la rápida ocupación, sin perjuicio de trasladarse al lugar de los predios si lo consideran necesario.

Término municipal de O Pereiro de Aguiar

Lugar: Centro de día Os Gozos

Fecha: 2 y 3 de julio de 2020, de 09:30 a 14:00 horas

La relación de titulares con los bienes y derechos afectados, así como el plano parcelario correspondiente estarán expuestos en el ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar, y en el Servicio Provincial de la Agencia Gallega de Infraestructuras de Ourense (c/ Sáenz Díez, 1, 32003 Ourense), y se publicará en el siguiente enlace de la página web de la consellería:

https://infraestructurasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso_0181.html

Asimismo, se realizará la convocatoria a los interesados al levantamiento de las actas previas mediante notificación individual.

A dicho acto deberán acudir los titulares afectados personalmente o bien representados por la persona debidamente autorizada para actuar en su nombre, aportando los documentos acreditativos de su titularidad, documento nacional de identidad (y, en su caso otra documentación que se requiera, justificante del pago del IBI...), así como certificado de cuenta con códigos IBAN y BIC, a fin de proceder a los sucesivos pagos que sean procedentes mediante transferencia bancaria, pudiendo hacerse acompañar a su costa, si lo estiman oportuno, de sus peritos y notarios.

Asimismo, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 49 del Reglamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, este servicio, una vez levantadas las actas previas a la ocupación, y habilitado el crédito oportuno, procederá al pago, mediante transferencia bancaria, del importe de los depósitos previos e indemnizaciones por rápida ocupación. En el supuesto de no haber presentado el certificado de titularidad de la cuenta bancaria, con códigos IBAN y BIC, y la copia del DNI, se consignará el importe en la Caja General de Depósitos conforme a lo dispuesto en el artículo 51 del Reglamento de Expropiación Forzosa del 26 de abril de 1957.

En cumplimiento del artículo 55 del Reglamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, en este mismo acto, se convoca al acto de formalización de las actas de ocupación, el cual tendrá lugar, después de producirse el abono de los depósitos e indemnizaciones por rápida ocupación, en el lugar y fecha que se indican:

Término municipal de O Pereiro de Aguiar

Lugar: Centro de día Os Gozos

Fecha: 30 de julio de 2020, de 09:30 a 14:00 horas

En el mismo acto se ofertarán a los propietarios las valoraciones establecidas por la Administración para cada una de las fincas en concepto de mutuo acuerdo.

El presente acuerdo se hace público, para general conocimiento, advirtiendo a los titulares que en el acta figurarán los dueños de la cosa o titulares del derecho expropiado, no admitiéndose representación sino por medio de poder debidamente autorizado (notarial, judicial o del consulado), ya sea general o particular para este caso, debiendo adjuntar la documentación necesaria para acreditar la sucesión en caso de figurar el terreno a nombre de herederos; y que deberá identificarse con el DNI.

A fin de que los actos del levantamiento de actas derivados de los procedimientos expropiatorios se realicen de acuerdo con las medidas preventivas del riesgo de contagio ante la situación provocada por el coronavirus COVID-19, la Agencia Gallega de Infraestructuras aprobó el protocolo de actuación que deberá respetarse por todos los asistentes a los actos. A tales efectos, es necesario poner en conocimiento de los interesados las siguientes indicaciones:

- Los interesados podrán confirmar la fecha y hora fijada para la celebración del acto, o, en caso de concurrir motivos de inconveniencia por razones de salud y/o de adopción de medidas que afecten favorablemente a la prevención de los contagios, podrán proponer otro horario diferente para el mismo, previa cita confirmada por el personal de contacto.

- En el momento de atención, tanto el personal de la Administración y de la Asistencia Técnica como el expropiado usarán mascarilla de protección, o los sistemas de protección individual que en ese momento sean obligatorios, respetando en todo momento la distancia de seguridad fijada. A tales efectos, se establece la obligación de asistir al acto provisto de los sistemas de protección individual (EPI) que cada momento se determine por la autoridad competente. Con todo, se dispondrá de EPI por parte de la administración en el caso de que los expropiados no dispongan de ellos.

- En caso de detectarse posibles síntomas compatibles con la COVID-19 en alguna persona presente, se seguirán obligatoriamente las indicaciones realizadas por las autoridades sanitarias al efecto.

- Deberán asistir únicamente las personas estrictamente necesarias para la realización del trámite.

- Se establece la obligación de permanecer en el local de reunión el tiempo estrictamente necesario.

- No se podrá acudir en el caso de presentar fiebre (>37º) o síntomas de problemas respiratorios.

Ourense, en la fecha de la firma electrónica. El jefe del Servicio Provincial de la AXI en Ourense.

Fdo.: Marcos Buide Pollán.

R. 1.132

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Xefatura Territorial Ourense

Servizo do Patrimonio Natural de Ourense

Expte. 08/19

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Servizo do Patrimonio Natural de Ourense, está a tramitar, por solicitude do presidente da asociación de cazadores Castrelo do Val, un expediente de ampliación do Tecor societa-

rio “Castrelo do Val” OU-10.093 cun total de 1571,48 ha, actualmente clasificadas como terreos en réxime cinexético común, correspondentes ao monte veciñal en man común de “Veiga de Nostre e Sanguñedo” e terreos particulares, todo no concello de Castrelo do Val.

Unha vez revisada a solicitude e tendo en conta o establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este servizo publica este anuncio coa finalidade de que calquera persoa, física ou xurídica, poida no prazo dun mes, contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP), examinar o expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

Lugar de exposición do expediente: Servizo de Patrimonio Natural, rúa O Paseo, n.º 18, 5º andar.

A xefa territorial. Asdo.: Victoria Núñez López.

Sinatura dixital.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda

Jefatura Territorial Ourense

Servicio do Patrimonio Natural de Ourense
Expte 08/2019

La Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda, a través del Servicio de Patrimonio Natural de Ourense, está a tramitando, por solicitud del presidente de la asociación de cazadores Castrelo do Val, un expediente de ampliación del Tecor societario “Castrelo do Val” OU-10.093, con un total de 1571,48 ha, actualmente clasificadas como terrenos en régimen cinegético común, correspondientes con el monte vecinal en mano común de “Veiga de Nostre e Sanguñedo” y fincas particulares, todo en el ayuntamiento de Castrelo do Val.

Una vez revisada la solicitud y teniendo en cuenta lo establecido en el artículo 83 de la Ley 39/2015, del 1 octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, este servicio publica el presente anuncio con la finalidad de que cualquier persona, física o jurídica, pueda en el plazo de un mes, contado a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP), examinar el expediente y presentar las alegaciones que considere oportunas.

Lugar de exposición del expediente: Servicio de Patrimonio Natural, calle O Paseo, n.º 18, 5º piso.

La jefa territorial. Fdo.: Victoria Núñez López.

Firma digital.

R. 1.012

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Barbadás

Bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo para a provisión en interinidade dunha praza de arquitecto técnico do Concello de Barbadás (Departamento de obras T.X.M. Xefatura de Servizo).

Primeira.- Obxecto e normas xerais

É obxecto desta convocatoria a selección a través do sistema de concurso - oposición, para a provisión en interinidade dunha praza de arquitecto técnico no Concello de Barbadás.

A razón desta selección é a cobertura temporal mentres non sexa posible a cobertura da praza por un funcionario de carreira. Unha vez xubilado o titular da praza, este posto de asistencia técnica en materia de urbanismo, considérase como un servizo urxente e inaprazable e, consecuentemente, é preciso convocar e aprobar as bases do proceso de selección dun/dunha funcionario/a interino/a, do grupo A, subgrupo A2, da escala de administración especial, subescala técnica, coa denominación “arquitecto técnico”, que deseguido se transcriben.

A dita praza intégrase no persoal do concello e aparece definida na relación de postos de traballo da seguinte forma:

Posto: aparelador/ arquitecto técnico (Departamento de obras T.X.M. Xefatura de Servizo)

Réxime: funcionario

Escala: administración especial

Subescala: técnica

Clase: técnico medio

Grupo: A2

Nivel de destino: 26

Complemento específico: 14.251,32 €/ano

Xornada: 100%

Sistema de selección: concurso oposición.

Vacantes: 1.

Funcións

Todas aquelas desenvolvidas no instrumento de ordenación de persoal do concello e, no seu desenvolvemento, expresamente as seguintes:

A misión do posto consiste na dirección de obras e servizos municipais, elaboración de proxectos, informes de obras menores e de actividades, así como o asesoramento dentro do ámbito da especialidade de arquitecto técnico, responsabilizándose do bo funcionamento dos servizos asignados á área, coordinando con eficacia e eficiencia os recursos humanos e materiais.

Establécese que este técnico desenvolverá, mediante adscripción provisional, a xefatura do servizo.

Tramitará todos os expedientes e asuntos relacionados coas seguintes funcións:

Urbanismo. Inclúiranse todos os expedientes relacionados coa materia., como planeamento; xestión e execución urbanística (expedientes de desenvolvemento dos polígonos ou unidades de actuación a través dos sistemas de compensación, cooperación ou expropiación, convenios urbanísticos así como as actuacións asistemáticas e expedientes en xeral de expropiacións urbanísticas.), disciplina urbanística (licenzas urbanísticas, expedientes de protección da legalidade urbanística, sancionadores, de ruínas e ordes de execución, e censos de industrias).

Medio ambiente e actividade de supervisión ou policía administrativa. Inclúiranse a levanza de todos os expedientes relacionados coa materia, como expedientes de licenzas de apertura e funcionamento de actividades ordinarias; actividades clasificadas segundo a normativa vixente de actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas (normativa vixente sobre avaliación de incidencia ambiental (Lei 9/2013 do 19 de decembro), Lei de emprendemento e competitividade económica de Galicia); levar o preceptivo rexistro deste tipo de licenzas: ídem de actividades sometidas ao Regulamento xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas (Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia e RD 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas); licenzas e autorizacións sobre transportes municipais (taxis,



ambulancias, transportes funerarios...); ocupación do demanio e outras licenzas e autorizacións non incluídas nos apartados anteriores: acampadas, megafonía, colocación publicidade, actividades en xeral sometidas ao control do concello.

En tanto que desenvolve a xefatura de servizo:

1) A xefatura de cada departamento, no momento en que poida crearse, e no seu defecto, o seu funcionario de maior rango, asumirá a responsabilidade última da axeitada xestión dos asuntos competencias deste, baixo a supervisión da secretaria xeral, dando contas á concellería correspondente ou, de ser o caso, á Alcaldía. Para tal fin supervisará, coordinará e efectuará o seguimento dos diferentes expedientes tramitados no seu órgano. Poderá impartir as instrucións oportunas e procederá á distribución interna dos asuntos, de conformidade coas funcións propias de cada posto, segundo o establecido na normativa aplicable e no actual instrumento de ordenación de persoal do concello.

2) Así mesmo, corresponderalle aos postos das xefaturas de servizos, departamentos ou órganos, a emisión dos estudos, informes e propostas nas materias do seu eido que se lle soliciten ou que, de motu propio, xulguen precisos para o mellor funcionamento dos servizos.

3) Por último, asumirán as funcións de secretaria das comisións informativas e especiais que se creen no eido das competencias do seu departamento, agás que carezan da condición de funcionarios, caso no que será o funcionario de maior categoría dos existentes no departamento e, no seu defecto, o secretario xeral, quen levará estas tarefas.

Segunda.- Sistema de selección

1.- Segundo os artigos 10.2 do TREBEP e 24.1 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, a selección de funcionarios interinos realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrência.

2.- As probas selectivas realizaranse polo sistema de concurso - oposición libre, consonte ao permitido no TREBEP; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local e demais lexislación concordante e de aplicación.

3.- Como resultado deste proceso de selección, apróbase ademais unha lista de reserva, nos termos do clausulado destas bases.

Terceira.- Requisitos dos/as aspirantes

Para formar parte do proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación das solicitudes:

1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme cos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

2.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa (requisito que deberá acreditarse coa presentación de copia do Documento Nacional de Identidade).

3.- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta. Este extremo acreditarase no seu momento mediante o correspondente recoñecemento médico que realizará o concello.

4.- Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

5.- Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

6.- Estar en posesión ou ter aboados os dereitos para obtelo, do título académico de arquitecto técnico ou grao en arquitectura técnica.

7.- Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle

cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 4 ou equivalente, como mínimo.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e será nulo o nomeamento como funcionario interino a quen estea incurso en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

Cuarta.- Presentación de solicitudes.

A instancia, xunto co resto da documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo, presentarase no modelo anexo II dirixido ao alcalde da Corporación, no rexistro xeral do concello, en horario de 8:30 a 14:30 horas de luns a venres, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. As bases serán expostas no taboleiro municipal e serán publicadas na páxina web do concello (sección Administración - Emprego público) e na sede electrónica (taboleiro de anuncios).

<https://www.barbadas.es/administracion-e/empleo-publico-es/#concello> e

<https://barbadas.sedelectronica.gal/info.2>

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a través da sede electrónica do concello.

As instancias presentadas nas oficinas de Correos, de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e desenvolvemento regulamentario, presentarase en sobre aberto para ser datadas e seladas polo funcionario de Correos, antes de ser certificadas dentro do prazo de presentación de instancias. Só neste caso se entenderá que as instancias han ter entrada no rexistro xeral do concello na data na que foron entregadas na oficina de Correos. É a instancia a que debe ser selada. Neste caso, os aspirantes deberán remitir un e-mail ao seguinte correo: administracion@barbadas.es, coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Xunto á instancia, tamén se presentará:

* A fotocopia do DNI.

* A fotocopia do título mínimo requirido

* O Celga 4 ou equivalente (de ser o caso). Os/as aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, mediante a súa presentación quedarán exentos da realización da proba de galego, e daráselles por superada coa cualificación de apto/a.

* O anexo II debidamente cuberto con todas as declaracións indicadas na base terceira.

* Acreditación dos méritos alegados na instancia. Non se valorarán aqueles méritos non alegados nin acreditados xunto coa instancia.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal ao/a aspirante que finalmente sexa seleccionado/a. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Os aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios, para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

Quinta.- admisión de aspirantes

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde, mediante resolución, aprobará unha lista provisional de admitidos e excluídos. A dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do concello, na sede electrónica e na web do concello, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas.

Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma e determinará o lugar, data e hora da realización, polo menos do primeiro exercicio, así como a composición do tribunal de selección. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberá realizarse o primeiro exercicio de selección.

Os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o tribunal, e que deba coñecer o persoal aspirante ata a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, expóranse nos locais onde se realizou o primeiro exercicio, ou nos que se sinalen no último anuncio, sendo a dita exposición constitutiva de medio válido de notificación colectiva para todos os efectos.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo.

Sexta.- Tribunal cualificador

1.- O tribunal cualificador será designado por resolución da Alcaldía no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as. Con base no establecido na Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado por un presidente/a, tres vogais e un secretario/a, titulares e suplentes, sendo todos eles funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo, pertencente a un corpo ou escala ou categoría para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á agora esixida.

Polo menos dous dos seus vogais deberán ser técnicos de administración especial da área de urbanismo ou similar, dunha administración pública local.

2.- Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a. O/A secretario/a terá voz pero non dereito a voto.

De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarllo á autoridade convocante cando concorran neles algun-

has das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos nestas.

5.- O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.- Os membros concorrentes ás sesións do tribunal (non pertencentes ao Concello de Barbadás) e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no Real decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

7.- O tribunal non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario/a interino/a de máis dun aspirante. Non obstante, na acta da última sesión do tribunal de selección incluírase unha lista de reservas entre os/as aspirantes que aprobaron a oposición por orde de maior a menor puntuación para cubrir posibles baixas por incapacidade, vacacións, renuncia ou outras contingencias sobrevindas de ausencia do candidato con maior puntuación nomeado funcionario/a interino/a.

A vontade do órgano de selección, en vista á cualificación das probas, poderá formarse por unanimidade dos seus membros, por maioría dos membros deste, así como por media aritmética das cualificacións individualmente asignadas por cada membro do órgano de selección. En todo caso, corresponderá á Presidencia do órgano de selección dirimir os empates co seu voto de calidade.

8.- O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá a ditar a resolución correspondente que acordará o nomeamento como funcionario/a interino/a e a aprobar a lista de reservas.

O tribunal cualificador estará constituído do seguinte xeito: Presidente.

Catro vogais.

Secretario/a: a secretaria da Corporación ou funcionario en quen delegue.

O tribunal estará integrado ademais polos suplentes respectivos designados.

9.- Poderán asistir funcionarios que sexan persoal técnico en urbanismo, como asesores con voz pero sen voto.

